

BASES REGULADORAS DOS GALARDÓNS TURISMO RÍAS BAIXAS

O Servizo de Turismo da Deputación de Pontevedra convoca os **Galardóns Turismo Rías Baixas**, co fin de recoñecer, visibilizar e poñer en valor aquelas iniciativas, profesionais e entidades que contribúen de xeito destacado ao desenvolvemento turístico do destino Rías Baixas.

BASES DE PARTICIPACIÓN

1. OBXECTO

Estas bases teñen por obxecto regular a convocatoria e concesión dos Galardóns Turismo Rías Baixas, destinados a recoñecer persoas físicas e/ou xurídicas que destaquen pola súa contribución ao desenvolvemento, á mellora e á promoción do sector turístico no ámbito da provincia de Pontevedra.

En particular, preténdese:

- Poñer en valor as boas prácticas en materia de sostibilidade, innovación e calidade turística, que poidan ser replicables e xeradoras de valor para o conxunto do destino.
- Recoñecer a traxectoria e o compromiso de profesionais e entidades do sector.
- Fomentar unha mellora continua e a competitividade do tecido turístico.
- Promover a excelencia na atención á ou ao visitante e a profesionalización do sector.
- Promover iniciativas que xeren impacto positivo no territorio da provincia, favorezan a desestacionalización e reforcen a implicación da comunidade local.
- Promover iniciativas que resulten beneficiosas de cara á poboación local.

A convocatoria realízase no exercicio das competencias de promoción turística atribuídas á Deputación de Pontevedra.

2. MODALIDADES DOS GALARDÓNS

Establécense as seguintes categorías:

1. Galardón ao mellor proxecto de turismo responsable.
2. Galardón á innovación en turismo.
3. Galardón ao mellor proxecto municipal.
4. Galardón á mellor oficina de turismo da Rede INFO RIASBAIXAS.
5. Galardón á mellor persoa informadora turística.
6. Galardón á traxectoria turística.



7. Galardón ao recurso ou experiencia turística máis destacable nas redes sociais.

3. PERSOAS OU ENTIDADES BENEFICIARIAS

Poderán participar:

- Entidades locais.
- Empresas turísticas.
- Profesionais do sector turístico.
- Oficinas de turismo ou puntos de información turística da Rede INFO RIASBAIXAS.
- Outras entidades vinculadas ao turismo.

As persoas que formen parte do xurado poderán propoñer candidaturas que lle deberán facer chegar ao resto das persoas integrantes do xurado, cando menos dous (2) días antes da sesión de deliberación.

4. PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS

As candidaturas presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica mediante instancia xenérica dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>), de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNle).

Documentación:

- Datos identificativos.
- Breve descrición dos puntos avaliados da categoría á que se accede (máximo de 1.000 palabras).
- Indicadores cuantificables segundo a categoría, se procede.
- Declaración responsable de conformidade coa aceptación das bases e presentación da candidatura.

O prazo de presentación da candidatura será de sete (7) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación das bases no medio oficial correspondente.

A presentación da candidatura supón o consentimento expreso para o tratamento dos datos persoais que constan na solicitude para participar nos Galardóns Turismo Rías Baixas, de conformidade co establecido na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.



5. NATUREZA DO PREMIO

O Servizo de Turismo da Deputación de Pontevedra outorgará, mediante esta convocatoria de carácter honorífico, un único galardón para cada categoría.

O carácter honorífico sen dotación económica quedará patente na entrega á persoa física ou xurídica durante a celebración da Gala de Turismo Rías Baixas que ten lugar anualmente.

Así mesmo, o recoñecemento social suporá a súa difusión e promoción nas redes sociais do destino Rías Baixas.

Estes premios poderán tamén quedar desertos ou ser concedidos con carácter *ex aequo*.

6. SISTEMA DE AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación por categorías (ata 50 puntos por cada unha) son os seguintes:

6.1. Premio ao mellor proxecto de turismo responsable (ata 50 puntos)

Valorarase o impacto ambiental, o impacto socioeconómico no territorio, o compromiso coa sostibilidade, as propostas de desestacionalización da demanda e a participación da comunidade local. Así mesmo, terase en conta a existencia de sistemas de medición e avaliación do impacto no territorio e certificacións ou recoñecementos en sostibilidade.

6.2. Premio á innovación en turismo (ata 50 puntos)

Valorarase o carácter innovador de proxectos turísticos, atendendo ao desenvolvemento de solucións propias ou á adaptación significativa de iniciativas existentes que supoñan unha mellora diferencial no ámbito turístico. Terase en conta a incorporación de tecnoloxías dixitais, así como o seu impacto na modernización, eficiencia e competitividade do proxecto ou servizo turístico. Valorarase a contribución do proxecto á mellora da experiencia das persoas visitantes, atendendo á calidade, accesibilidade, personalización e valor engadido dos servizos ofrecidos. Tamén se terán en conta o esforzo investidor destinado ao desenvolvemento e á implementación de solucións innovadoras, así como a súa adecuación aos resultados acadados, e os resultados obtidos, especialmente aqueles que poidan ser medidos de maneira obxectiva.

6.3 Premio ao mellor proxecto municipal (ata 50 puntos)





Valorarase a capacidade e o esforzo para reforzar a imaxe, identidade e competitividade do destino turístico, así como a súa proxección e recoñecemento no ámbito nacional e/ou internacional. Terase en conta a implicación de diferentes axentes (públicos e privados), así como a existencia de modelos de colaboración eficaces que favorezan a xestión compartida e sostible, con criterios ambientais, sociais e económicos. Avaliarase o grao de cambios significativos e duradeiros na estrutura do destino para contribuír á súa transformación, diversificación ou mellora global, como as ferramentas dixitais para mellorar a eficiencia, tomar decisións e medir a experiencia turística.

6.4. Premio á mellor oficina de turismo da Rede INFO RIASBAIXAS (ata 50 puntos)

Avaliarase o grao de cumprimento dos criterios e protocolos establecidos pola Rede INFO RIASBAIXAS, así como a adecuación dos servizos ás directrices marcadas por esta. Valorarase tanto o nivel de calidade na atención prestada ás persoas visitantes, tendo en conta aspectos como a profesionalidade, a capacidade de resposta, a atención personalizada e a satisfacción da persoa usuaria, coma a capacidade para planificar, distribuír e xestionar os fluxos de visitantes de maneira eficiente, o que contribúe a unha mellor experiencia turística e á sostibilidade do destino. Avaliarase a incorporación e o uso eficaz de ferramentas dixitais na prestación de servizos, comunicación coa persoa visitante e xestión da información turística.

6.5. Premio á mellor persoa informadora turística (ata 50 puntos)

Valorarase o grao de coñecemento do destino turístico, así como a capacidade para manter actualizada e ofrecerlles información veraz, relevante e útil ás persoas visitantes. Avaliarase a habilidade para comunicar de maneira clara, eficaz e empática, contribuíndo á mellora da experiencia turística e á satisfacción das persoas usuarias. Valorarase tamén a capacidade para anticiparse ás necesidades das e dos visitantes, propoñer melloras e desenvolver iniciativas que lle acheguen valor ao servizo. Teranse en conta o compromiso coa formación e actualización profesional, así como a participación en accións formativas relevantes para a mellora do desempeño, e o uso de ferramentas dixitais na atención, información e xestión turística, ademais da súa eficacia na mellora do servizo prestado.

6.6. Premio á traxectoria turística (ata 50 puntos)

Valorarase a traxectoria profesional ou empresarial no ámbito turístico, tendo en conta os anos de actividade e a continuidade no sector. Avaliarase a contribución sostida ao desenvolvemento do sector turístico ao longo do tempo, así como a influencia exercida no seu crecemento e evolución, e a contribución á difusión de coñecemento mediante accións formativas, mentoría, publicacións ou outras iniciativas que favorezan o desenvolvemento do sector. Teranse en conta a habilidade para adaptarse a cambios, superar situacións adversas e manter a actividade en contextos complexos,



demonstrando solidez nas decisións, ademais da capacidade para crear emprego directo e indirecto, a súa calidade e estabilidade.

6.7. Recurso ou experiencia turística máis destacable nas redes sociais (ata 50 puntos)

Este galardón outorgarase de acordo coa análise dos datos das redes sociais oficiais do destino Rías Baixas, correspondentes ao período anual inmediatamente anterior á convocatoria, co obxectivo de identificar aqueles recursos ou experiencias turísticas que acadaron maior impacto e interese entre as persoas usuarias. A avaliación realizarase a partir de indicadores obxectivos de rendemento dixital, atendendo aos seguintes criterios: alcance das publicacións (visualizacións, impresións), nivel de interacción (gústames, comentarios, compartillamentos), frecuencia e presenza nas publicacións do destino, capacidade de xeración de interese (contidos máis consultados ou demandados), contribución á promoción e posicionamento do destino.

O galardón seralle outorgado á persoa responsable de turismo do concello ou da entidade xestora do recurso ou experiencia destacable.

7. XURADO PROFESIONAL

O xurado profesional estará formado polas seguintes persoas:

1. O deputado de turismo.
2. A directora do Servizo de Turismo Rías Baixas.
3. Dúas (2) persoas do Servizo de Turismo Rías Baixas.
4. Dúas (2) persoas expertas do sector turístico nomeadas polo deputado de Turismo.

As persoas integrantes do xurado deberán absterse de participar na valoración das candidaturas cando concorra calquera circunstancia que poida comprometer a súa imparcialidade.

As súas funcións serán as seguintes:

- Avaliar as candidaturas.
- Aplicar os criterios de valoración.
- Emitir unha decisión motivada.
- Proponer candidaturas de oficio en calquera das categorías.
- Ter en conta outros méritos que considere relevantes das persoas ou entidades propostas, os cales deberán darse a coñecer debidamente.

O xurado elevará a proposta á Presidencia da Deputación de Pontevedra, órgano competente para a resolución e concesión do premio.





Os resultados do xurado faranse públicos a través do portal de Turismo Rías Baixas e das súas canles de comunicación e redes sociais coa finalidade de darlle publicidade ao galardón e promover o destino turístico.

8. PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos persoais recollidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos.

Os datos poderán ser obxecto de difusión pública nos medios institucionais da Deputación no caso das persoas e entidades premiadas. Non se prevén outras cesións a terceiras persoas, salvo obrigação legal.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

